

O Pleno do Consello do Turismo de Galicia, reunido en sesión ordinaria o 13 de maio de 2013, acordou emitir o informe que literalmente se transcribe a continuación sobre o “Proxecto de decreto polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia”:

“ANTECEDENTES

1. A secretaria xeral para o Turismo remite, o 15.02.2013, para o seu informe o *proxecto de decreto polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia*.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Competencia

Emítese este informe de conformidade co disposto nos artigos 7 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia e 6.1 a) do Decreto 149/2012, do 5 de xullo, polo que se regula o Consello do Turismo de Galicia, que establecen entre as funcións do Consello do Turismo de Galicia a de informar, con carácter previo á súa aprobación, sobre as disposicións regulamentarias que se diten en desenvolvemento da Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia.

Este proxecto de decreto é unha norma regulamentaria que se dita en desenvolvemento da citada Lei de turismo de Galicia.

2. Marco xurídico

- Os artigos 148.1.18 da Constitución española e 27.21 do Estatuto de Autonomía de Galicia dispoñen que lle corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de promoción e ordenación do turismo dentro do seu ámbito territorial.

- En base ao citado título competencial apróbase a Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, que regula no seu título VI “Das profesións turísticas”, no artigo 90, as/os guías de turismo, dispoñendo:

“Artigo 90. Das guías e dos guías de turismo.

1. Son guías de turismo as e os profesionais que, debidamente habilitados, prestan, de xeito habitual e retribuído, servizos de asistencia, acompañamento e información en materia cultural, artística, histórica e xeográfica ás usuarias e aos usuarios turísticos nas súas visitas a museos e demais bens integrantes do patrimonio cultural de Galicia.

2. As/Os guías de turismo habilitados noutras comunidades autónomas poderán exercer libremente a súa profesión na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. As/Os guías de turismo xa establecidos nun Estado membro da Unión Europea que desexen exercer a súa actividade de forma temporal ou ocasional en Galicia, en réxime de libre prestación, deberán comunicalo á Administración da Xunta de Galicia, antes da primeira actividade transfronteiriza, nos termos e nas condicións que se regulan no artigo 13 do Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento europeo e do Consello, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais.

4. Determinaranse regulamentariamente as condicións de acceso, o ámbito de actuación e os demais requisitos precisos para o exercicio da profesión de guía.”

- É necesario facer fincapé na necesidade de adecuación da ordenación da profesión de guía de turismo á normativa comunitaria, tal como recolle no propio proxecto de decreto, que ven conformada pola Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativo aos servizos no mercado interior, e a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, e o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, e a Directiva 2006/100/CE do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado.

3. Observacións de mellora do texto

- Non se fan por este órgano de asesoramento observacións ou alegacións ao texto, ao considerar que se fai un axeitado desenvolvemento regulamentario da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, respectando en todo caso o disposto nesta, así como na normativa comunitaria.

Por todo o exposto, o Consello do Turismo de Galicia,

INFORMA

Favorablemente o proxecto de decreto polo que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia, pola a súa adecuación á normativa sectorial vixente.”